



REGULAMENTO DO BANCO DE LIBROS ANPA PRIMEIRO DE MARZO

Constitúese o Banco de Libros do IES Primeiro de Marzo como un fondo de libros de texto para o alumnado dos cursos correspondentes á Educación Secundaria Obrigatoria e Primeiro de Bacharelato no noso centro, destinado a ser utilizado polo alumnado que participe no noso Banco de Libros.

Este curso o noso Banco de Libros estará composto por:

- Os libros de texto e o material curricular achegados polo alumnado que faga a entrega no centro escolar ao finalizar o curso académico.
- Os libros de texto e o material curricular adquiridos polo Anpa Ies Primeiro de Marzo.

Non forman parte do Banco de Libros:

- Calquera libro que teña asociado un caderno de exercicios, se este non se pode adquirir de forma individual.
- Aqueles materiais didácticos non susceptibles de ser reutilizados (material complementario: workbook, cadernos de exercizos...), que, polas súas características, non poidan ser reutilizados en cursos posteriores.

Todos os libros que conformen o Banco de Libros do IES Primeiro de Marzo quedarán inscritos no inventario do Banco de Libros e quedarán identificados co selo do anpa.

Todos os libros que conformen o Banco de Libros pertencen ao Anpa Primeiro de Marzo e a xestión do mesmo é responsabilidade do Anpa, coa colaboración do centro educativo.

Poderá dispoñer de libros do Banco calquera alumno/a que cumpra os seguintes requisitos:

- cursar Educación Secundaria, FP Básica e Primeiro de Bacharelato do centro Ies Primeiro de Marzo.
- a familia do cal sexa socio do anpa, no ano académico correspondente á solicitude do banco de libros.
- que quede excluído do banco de libros da Xunta.
- formalice a solicitude correspondente en tempo e forma.

A cota anual do Anpa deberá estar ao día a data de solicitude de participación no Banco de libros, a cota de socio para aquelas familias que participen no banco de libros será de 12€/anuais. O Anpa dedicará, este curso 2024-2025 unha partida de diñeiro máxima de 3.500 € para a compra de libros do Banco, no caso de que dita compra non cubra as necesidades totais das solicitudes, a repartición de libros farase de maneira equitativa e proporcional entre as solicitudes ata cubrir o importe de gasto máximo de 3.500 €.

O obxectivo final do Banco de Libros é a redución do custo para pagar polas familias para os libros que vai utilizar o noso alumnado, pero o feito de participar no Banco de Libros do Anpa Primeiro de Marzo tamén comporta unha serie de obrigacións, xa que han de coidar os libros e devolvelos nas mellores condicións posibles e así manter o fondo do Banco de Libros.

Para garantir o bo funcionamento do Banco de Libros do Anpa Primeiro de Marzo relaciónanse as seguintes normas:

1. A participación no Banco de Libros é voluntaria.
2. O alumnado, e a súa familia, que participe no Banco de Libros acepta todas as normas do presente regulamento.
3. O Banco de Libros será xestionado polo Anpa Primeiro de Marzo coa colaboración do centro educativo.
4. As familias dos alumnos que queiran participar no Banco de Libros entregarán ao finalizar o curso os libros no centro educativo.
5. Un libro considerase que non está en condicións para entrar no banco de libros cando:
 - a) Estea relado ou con debuxos feitos en rotulador, bolígrafo ou lapis.
 - b) Cando estea desencuadernado, aínda que se arranxou dalgunha maneira.

c) Cando lle falte calquera páxina.

d) Cando, por calquera outro motivo, o Anpa considere que non estea en condicións óptimas para ser reutilizado.

6. A decisión de rexeitar un libro acordarase co centro educativo.

7. En caso que un libro considérese que non está en condicións de ser reutilizado por un uso incorrecto, a familia haberá de repoñer este libro ou abonar a cantidade equivalente ao valor do libro rexeitado antes de poder participar no Banco de Libros. Os libros compostos por tres volumes, ao ser un só ISBN, aínda que haxa que repoñer un volume, terá que abonar todo o libro. En caso contrario, a negativa supoñerá a renuncia do alumno para participar no Banco de Libros.

8. Cada familia, abonará unha cota de socio extraordinaria de 10€ por libro en préstamo do Banco de Libros, este diñeiro destinarase única e exclusivamente á compra de libros para o Banco.

9. O alumnado que entregue un lote de libros considerado en bo estado, ou que abonase os deteriorados, terá dereito a recibir un libro por cada dous doados o curso seguinte. Quedan excluídos do Banco de Libros, e por tanto as familias haberán de comprar cada ano, os cadernos ou libros que polas súas características non poidan ser reutilizados en cursos sucesivos.

10. O Anpa Primeiro de Marzo preparará os lotes de libros, procurando que haxa un equilibrio entre libros novos e usados.

11. Ao recibir os libros, o alumnado participante asinará un recibo.

12. As familias do alumnado son responsables dos libros que reciben.

13. As familias comprométese a respectar e cumprir cos libros entregados, as seguintes normas:

a) Débense forrar os libros con plástico transparente, non adhesivo, para preservar a súa conservación.

b) O nome do alumno ha de estar nunha etiqueta sobre o forro.

c) Os libros non poden ser subliñados nin escritos con lapis, bolígrafo, rotulador, marcadores...

d) Considérase mal uso ou deterioración do libro de texto:

- Realizar exercicios nas propostas de actividades.
- Escribir palabras e mensaxes en calquera formato.
- Facer debuxos ou poñer adhesivos.
- Dobrar as follas para marcar os temas.
- Ensuciar as páxinas con calquera produto.
- Romper, engurrar ou danar calquera folla do libro.

e) As familias asinarán este documento aceptando así as condicións de participación no Banco de Libros do Anpa Primeiro de Marzo.

f) Débese ter coidado dos libros en todo momento, hai que conservalos tal e como nos agradaría atopalos.

g) Se todos colaboramos, aproveitaremos os libros durante moitos cursos.

14. Quen recibe un lote de libros está obrigado a devolvelo a final de curso, ou pagar o valor que se estableza para os libros non devoltos.

15. Se cando se entregan os libros a principio de curso e, a pesar dos controis de revisión, observácese algunha anomalía nun libro ou volume, notificarase no prazo dunha semana ao Anpa para resolver a incidencia.

16. Se o alumno pode certificar dalgunha maneira que a deterioración non foi culpa súa, non haberá de comprar un novo libro ou volume.

Se calquera alumno causa baixa do centro antes da finalización do curso, e recibiu libros do Banco, haberá de depositar a totalidade deles no momento de recibir a baixa.

17. O centro comprométese a manter como libros de referencia os pertencentes ao Banco de Libros durante 4 anos, salvo modificación lexislativa obrigatoria e con cambio progresivo anual en cada curso consecutivo, para asegurar a continuidade do Banco de Libros 4 anos en cada curso. Iniciando o curso 2023-2024 os cursos de 2º e 4º de ESO por modificación lexislativa e por inicio de Banco de Libros.



Recibí de Material Banco de Libros Anpa Primeiro de Marzo

Don/dona.....

pai/nai do alumno/a.....

Quedo decatado/dá, acepto as condicións de participación no Banco de Libros do Anpa Primeiro de Marzo e declaro recibir o lote de libros correspondente ao alumno:.....
.....

Lote de Libros:

| Curso ó que pertence o Libro | Asignatura á que pertence o libro |
|------------------------------|-----------------------------------|
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |

Data e sinatura: (Pai ou Nai)